

canto ás obrigas de disposición patrimonial ou de gasto do Estado é un factor negativo para a xestión pública.

Resulta por todo iso urxente pórle fin a esta situación, que está incidindo negativamente no cumprimento dos fins de reparación da incautación dos bens das organizacións sindicais democráticas como consecuencia da Guerra Civil e afectando, dun modo máis xeral, a seguraza xurídica, procedendo así á substitución da anterior normativa por unha nova que elimine as disfuncións constatadas e que dea solución a un problema tan especial, pola súa vinculación a un feito de excepcional alteración dos principios da orde democrática. Nesta apreciación da urxencia tampouco hai que deixar de considerar a necesidade de minorar o impacto sobre o gasto público das actuacións de compensación. Xa se viu a necesidade de proceder á actualización das valoracións aplicando aos valores dos bens o xuro legal do diñeiro desde a vixencia da Lei 4/1986, do 8 de xaneiro, ata a data de efectividade da compensación. Con iso, a redución do efecto desta compensación no gasto público require que a posta en práctica do novo sistema de compensación e a adopción dos correspondentes acordos se produza coa maior brevidade posible, conciliando así a efectividade da finalidade compensatoria, derivada da actualización de valores, coa tutela do gasto público.

En consecuencia, concorren nesta regulación as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade a que se refire o artigo 86.1 da Constitución española para xustificar o que o Goberno dite un real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86.1 da Constitución española, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de outubro de 2005,

DISPÓN O :

Artigo único. *Modificación da Lei 4/1986, do 8 de xaneiro, de cesión de bens do patrimonio sindical acumulado.*

A disposición adicional cuarta da Lei 4/1986, do 8 de xaneiro, de cesión de bens do patrimonio sindical acumulado, queda redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta.

1. Sen prexuízo do disposto nesta lei, quedarán excluídos desta os bens e dereitos que no momento da entrada en vigor do Decreto do 13 de setembro de 1936 pertencían ás organizacións sindicais ou a persoas xurídicas afiliadas, asociadas ou vinculadas a aquelas, xa entón existentes.

Tales bens e dereitos serán reintegrados en pleno dominio ás devanditas organizacións debidamente inscritos ao seu nome por conta do Estado ou, se é o caso, a aqueles sindicatos de traballadores que acrediten ser os seus lexítimos sucesores, logo de solicitude dos beneficiarios antes do 31 de xaneiro de 2006.

Támén serán reintegrados ás mencionadas organizacións sindicais, cos mesmos requisitos e nas mesmas condicións, aqueles bens e dereitos que, tendo pertencido a unha organización sindical ou a unha persoa xurídica de natureza mercantil, cooperativa ou fundacional, que estivese afiliada, asociada ou vinculada a aquela no momento da entrada en vigor do Decreto do 13 de setembro de 1936, non se incorporaron ao patrimonio da antiga organización sindical por consecuencia ou efecto do previsto nunha disposición legal ou regulamentaria.

2. Emporiso, se os bens ou dereitos pertencen ás organizacións sindicais ou ás persoas xurídi-

cas mencionadas no punto anterior non puidesen ser reintegrados, por calquera causa, conforme o disposto no devandito punto, o Estado compensará pecuniariamente o seu valor, considerando como tal o normal de mercado que no momento da entrada en vigor desta lei terían os citados bens e dereitos de teren seguido pertencendo a aquelas, aplicándolle á cantidade resultante o xuro legal do diñeiro desde a devandita entrada en vigor ata o último día do mes anterior a aquel en que se acorde a compensación.

Os bens mobles situados dentro dos inmobles valoraranse nun tres por cento do valor de compensación destes últimos.

Este valor será fixado en cada caso por decisión do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais e logo de informe do ministro de Economía e Facenda.

3. Os bens e dereitos cuxa reintegración non se solicite no prazo establecido inscribíranse a nome do Estado e será de aplicación a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e as súas normas de desenvolvemento.»

Disposición transitoria única. *Procedementos administrativos en tramitación.*

Este real decreto lei será de aplicación aos procedementos iniciados a partir da entrada en vigor da Lei 4/1986, do 8 de xaneiro, de cesión de bens do patrimonio sindical acumulado.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de outubro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

18177 *ORDE SCO/3427/2005, do 25 de outubro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro, polo que se fixan os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de chumbo, cadmio, mercurio e 3-monocloro-propano-1,2-diol nos produtos alimenticios. («BOE» 264, do 4-11-2005.)*

O Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro, polo que se fixan os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de chumbo, cadmio,

mercurio e 3-monocloropropano-1,2-diol nos produtos alimenticios, establece os procedementos de mostraxe e os métodos de análise que se deben aplicar para o control oficial dos contidos de chumbo, cadmio, mercurio e 3-monocloropropano-1,2-diol (3-MCPD) nos grupos de alimentos, regulados no Regulamento (CE) 466/2001, do 8 de marzo, polo que se fixa o contido máximo de determinados contaminantes nos produtos alimenticios.

O citado Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro, traspón a Directiva 2001/22/CE da Comisión, do 8 de marzo, pola que se fixan métodos de toma de mostrax e de análise para o control oficial do contido máximo de chumbo, cadmio, mercurio e 3-MCPD nos produtos alimenticios. Esta directiva foi modificada pola Directiva 2005/4/CE da Comisión, do 19 de xaneiro, que modifica a Directiva 2001/22/CE pola que se fixan métodos de toma de mostrax e de análise para o control oficial do contido máximo de chumbo, cadmio, mercurio e 3-MCPD nos produtos alimenticios.

As modificacións recollidas na Directiva 2005/4/CE, antes citada, perseguen a unificación na interpretación dos resultados analíticos, concretamente no referente á incerteza da medida, de forma que se garanta un enfoque harmonizado de execución no conxunto da Unión Europea.

Faise necesaria, pois, a harmonización dos conceptos recollidos na Directiva 2005/4/CE citada, que se incorpora ao ordenamento xurídico interno mediante esta disposición.

Na súa elaboración foron oídos os sectores afectados, consultadas as comunidades autónomas, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta orde dítase de conformidade co establecido na disposición derradeira segunda do Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispón:

Primeiro. *Modificación dos anexos I e II do Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro.*—Os anexos I e II do Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro, polo que se fixan os métodos de toma de mostrax e de análise para o control oficial do contido máximo de chumbo, cadmio, mercurio e 3-MCPD nos produtos alimenticios, quedan modificados nos termos contidos nos anexos I e II desta orde.

Segundo. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 25 de outubro de 2005.

SALGADO MÉNDEZ

ANEXO I

Modificación do anexo I do Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro

O punto 5 do anexo I do Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro, substitúese polo seguinte:

«5. Conformidade do lote ou do sublote.

O laboratorio de control oficial analizará a mostra de laboratorio. Realizará polo menos dúas análises independentes e calculará a media dos resultados.

O lote será aceptado se a media non supera o límite máximo establecido no Regulamento (CE) número 466/2001, tendo en conta a corrección en función da recuperación e a incerteza expandida da medida (ver nota (4) do punto 3 do anexo II desta orde).

O lote será rexeitado se a media supera, fóra de toda dúbida razoable, o límite máximo establecido no referido

Regulamento (CE) número 466/2001, tendo en conta a corrección en función da recuperación e a incerteza expandida da medida.

Estas normas de interpretación son aplicables aos resultados analíticos obtidos das mostrax destinadas ao control oficial. En caso de análise con fins de defensa do comercio ou de arbitraje, aplicaranse as normas nacionais.»

ANEXO II

Modificación do anexo II do Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro

1. No punto 3.c) do anexo II do Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro, engádese unha nova epígrafe 3.^a, tras o cadro 4, co seguinte texto:

«3.º Criterios de aptitude. Enfoque da función de incerteza.

De todas as formas, tamén se pode empregar un enfoque de incerteza para avaliar a adecuación do método de análise que vai utilizar o laboratorio. O laboratorio pode utilizar un método que producirá resultados cunha incerteza estándar máxima, que se pode calcular por medio da seguinte fórmula:

$$U_f = \sqrt{[(LOD/2)^2 + (\alpha C)^2]}$$

onde:

U_f é a incerteza estándar máxima.

LOD é o límite de detección do método.

C é a concentración de que se trata.

α é un factor numérico dependente do valor C. Os valores que se utilizarán preséntanse no seguinte cadro:

C ($\mu\text{g}/\text{kg}$)	α
≤ 50	0.2
51-500	0.18
501-1.000	0.15
1.001-10.000	0.12
> 10.000	0.1

e U é a incerteza expandida, utilizando un factor de cobertura de 2, o que dá un nivel de confianza do 95 % aproximadamente.

Se un método analítico proporciona resultados con medicións da incerteza inferiores á incerteza estándar máxima, o método será igual de adecuado ca un que se axuste aos criterios de aptitude indicados.»

2. Substitúese a redacción da letra d) do punto 3 do anexo II do Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro, pola seguinte:

«d) Estimación da exactitude analítica, cálculo do factor de recuperación e comunicación dos resultados.

Sempre que sexa posible, estimarase a exactitude das análises incluíndo materiais de referencia certificados adecuados no proceso analítico.

O resultado analítico rexistrarase baixo forma corrixida ou sen corrixir. Deberase indicar a forma de rexistro e o coeficiente de recuperación.

O analista debería ter en conta o informe da Comisión Europea sobre a relación existente entre os resultados analíticos, a incerteza da medida, os factores de recuperación e as disposicións previstas na lexislación alimentaria da Unión Europea (4).

O resultado analítico expresarase como $x \pm U$ sendo x o resultado analítico e U a incerteza da medida.»

3. A referencia (4) do punto 4 do anexo II do Real decreto 256/2003, do 28 de febreiro, substitúese pola seguinte:

(4) Informe da Comisión Europea sobre a relación entre os resultados analíticos, a incerteza da medida, os factores de recuperación e as disposicións previstas na lexislación alimentaria da Unión Europea (European Commission Report on the relationship between analytical results, the measurement of uncertainty, recovery factors and the provisions in EU food legislation), 2004.

(http://europa.eu.int/comm/food/food/chemicalsafety/contaminants/sampling_en.htm)

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

18262 *REAL DECRETO 1311/2005, do 4 de novembro, sobre a protección da saúde e a seguranza dos traballadores fronte aos riscos derivados ou que poidan derivarse da exposición a vibracións mecánicas.* («BOE» 265, do 5-11-2005.)

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, determina o corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un adecuado nivel de protección da saúde dos traballadores fronte aos riscos derivados das condicións de traballo, no marco dunha política coherente, coordinada e eficaz.

Segundo o artigo 6 da lei, son as normas regulamentarias as que deben ir concretando os aspectos máis técnicos das medidas preventivas e establecer as medidas mínimas que deben adoptarse para a adecuada protección dos traballadores. Entre tales medidas encóntranse as destinadas a garantir a protección dos traballadores contra os riscos derivados da exposición ás vibracións mecánicas.

Así mesmo, a seguranza e a saúde dos traballadores foron obxecto de diversos convenios da Organización Internacional do Traballo ratificados por España e que, por tanto, forman parte do noso ordenamento xurídico. Destaca, polo seu carácter xeral, o Convenio número 155, do 22 de xuño de 1981, sobre seguranza e saúde dos traballadores e lugar de traballo, ratificado por España o 26 de xullo de 1985.

No ámbito da Unión Europea, o artigo 137 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea establece como obxectivo a mellora, en concreto, do ámbito de traballo, para protexer a saúde e seguranza dos traballadores. Con esa base xurídica, a Unión Europea foise dotando nos últimos anos dun corpo normativo altamente avanzado que se dirixe a garantir un mellor nivel de protección da saúde e de seguranza dos traballadores.

Ese corpo normativo está integrado por diversas directivas específicas. No ámbito da protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a vibracións mecánicas, foi adoptada a Directiva 2002/44/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre as disposicións mínimas de seguranza e de saúde relativas á exposición dos traballadores aos riscos derivados dos axentes físicos (vibracións). Mediante este real decreto procédese á transposición ao dereito español do contido desta directiva.

O real decreto consta de oito artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, dúas disposicións derradeiras e un anexo. A norma determina no seu articulado o obxecto e o ámbito

de aplicación referido ás actividades en que os traballadores estean ou poidan estar expostos a riscos derivados de vibracións mecánicas como consecuencia do seu traballo; inclúe o que, para os efectos do real decreto, debe entenderse por vibración transmitida ao sistema man-brazo e vibración transmitida ao corpo enteiro; especifica os valores límite de exposición diaria e os valores de exposición diaria que dan lugar a unha acción, tanto para a vibración transmitida ao sistema man-brazo como para a vibración transmitida ao corpo enteiro, así como a posibilidade, que a directiva tamén outorga, de establecer como excepción determinadas circunstancias e o procedemento que debe seguirse para iso; prevé diversas especificacións relativas á determinación e avaliación dos riscos, e establece, en primeiro lugar, a obriga de que o empresario efectúe unha avaliación dos niveis de vibracións mecánicas a que estean expostos os traballadores, que incluírá, en caso necesario, unha medición; regula as disposicións encamiñadas a evitar ou a reducir a exposición, de maneira que os riscos derivados da exposición a vibracións mecánicas se eliminen na súa orixe ou se reduzan ao nivel máis baixo posible.

Tamén inclúe a obriga de que o empresario estableza e execute un programa de medidas técnicas e/ou de organización, ademais dunha listaxe dos factores que, especialmente, deben ser tomados en consideración; especifica que os traballadores non deberán estar expostos en ningún caso a valores superiores ao valor límite de exposición e introduce a excepción outorgada pola directiva, de xeito que determinadas disposicións non serán de aplicación nos sectores da navegación marítima e aérea no que respecta ás vibracións transmitidas ao corpo enteiro en determinadas condicións e cunha serie de garantías adicionais; recolle dous dos dereitos básicos en materia preventiva, como son a necesidade de formación dos traballadores e a información a estes, así como a forma de exercer os traballadores o seu dereito a seren consultados e a participaren nos aspectos relacionados coa prevención; establécense disposicións relativas á vixilancia da saúde dos traballadores en relación cos riscos por exposición a vibracións mecánicas, tendo en conta que o seu obxectivo é a prevención e o diagnóstico precoz de calquera dano para a saúde como consecuencia da exposición a vibracións mecánicas e que os resultados da vixilancia deberán terse en conta ao aplicar medidas preventivas nun lugar de traballo concreto.

A propia directiva reconece que determinados equipos non permiten respectar os valores límite de exposición, debido fundamentalmente a dificultades tecnolóxicas. Debido a iso, o real decreto optou polo mantemento de períodos transitorios que, no entanto, non esgotan inicialmente os prazos establecidos pola directiva. Ao mesmo tempo, o real decreto establece un mandato a prol do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo para que realice os estudos especializados en materia de vibracións mecánicas, tendo en conta o estado da técnica e experiencia obtida noutros estados. Para non perder a opción dos períodos transitorios que a directiva concede, a norma establece que o Goberno, á vista dos estudos realizados polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo e logo de consulta ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas, procederá á modificación do real decreto para determinar a data definitiva de aplicación das obrigas previstas no artigo 5.3, para o que poderá prorrogar os prazos ata os permitidos pola directiva.

A disposición adicional única inclúe unha disposición que resulta fundamental para dar cumprimento ao disposto na directiva. En efecto, con obxecto de que o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais conte coa información pertinente que lle permita xustificar as excepcións aplicadas no noso país, e poida remitirlle á Comisión Europea a información requirida na directiva, as autoridades labo-